



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
I.E.S. ADORMIDERAS

Juan Sebastián Elcano, 28 15002 A Coruña.
Teléfono: 981220512. Fax: 981222939

<http://www.edu.aytolacoruna.es/centros/iesadormideras>

Estimados pais / nais:

Prácame dirixirme a vostedes ó comezo deste novo curso para saudalos e lembrarllles algúns aspectos do funcionamento xeral do centro.

Calendario escolar:

As actividades lectivas comezan o 16 de setembro de 2011 e rematan o 22 de xuño de 2012 (Orde do 24 de maio de 2011).

Hai tres períodos de **vacacións**: as de Nadal: desde o día 22 de decembro ata o 8 de xaneiro, ambos dous inclusive. Entroido os días 20, 21 e 22 de febreiro. Semana Santa: desde o 2 ao 9 de abril, ámbolos dous inclusive.

Son **días non lectivos a efectos académicos** por determinación do calendario oficial escolar: 7 de outubro, día do Rosario. 12 de outubro, día do Pilar. 31 de outubro, día do Ensino. 1 de Novembro, día dos Santos. 6 de decembro, día da Constitución. 8 de decembro, día da Inmaculada. 1 de maio, día do Traballo. 17 de maio, día das Letras Galegas. E un día máis que elixirá o Consello Escolar e do que se informará no seu momento.

Horario:

As clases comezan ás 8,45 e rematan ás 14,25. Son seis clases de 55 minutos cada unha, tódolos días. Hai dous recreos de 20 minutos cada un (o 1º de 10,25 ata ás 10,45 e o 2º de 12,25 ás 12,45). O luns hai dúas clases pola tarde: de 16,30 ata as 18,10. **É imprescindible asistir a tódalas clases con puntualidade.**

Avaliacións ESO e 1º Bacharelato:

Realizaranse tres avaliacións de acordo cos tres trimestres do curso. A primeira antes do Nadal, os días 19 e 20 de decembro, **entregando o boletín de notas ós alumnos o día 21 de decembro**. A segunda antes de Semana Santa, os días 28 e 29 de marzo, **entregando os boletíns o día 30 de marzo**. A terceira, que é ao mesmo tempo avaliación final, o 25 de xuño e a **entrega dos boletíns de notas o 26 de xuño**.

Avaliacións 2º Bacharelato:

Temos marcadas fechas diferentes para este nivel co fin de repartir mellor o tempo do que dispoñen, adaptado á Selectividade: 1ª av-1 decembro. 2ª av-1 marzo. 3ª av-finais de maio.

Titorías:

É necesario ter unha relación regular co titor para seguir a marcha académica e o comportamento do seu fillo/a ó longo do curso. Os titores son a canle natural de relación dos pais co centro; e polo seu medio ten lugar a colaboración da familia co equipo de profesores para a mellor educación e aproveitamento escolar do alumno/a. É conveniente que anuncien a súa visita con alomenos unha semana de antelación (a través dos propios fillos ou polo teléfono) a fin de que o titor poida conseguir información do resto dos profesores. Achégase copia do horario dos titores.

Faltas de asistencia.

- Sendo obrigatoria a asistencia a clase, lévase un control de asistencia e **remítese ó domicilio familiar, aproximadamente cada quince días**, a relación de faltas do alumnado.

- O alumno/a debe **xustificar a súa ausencia nos tres días seguintes** a súa reincorporación ó centro.
- **A ausencia a un exame** só se pode xustificar con **certificado médico**.
- Se o alumno/a acumula máis de **20 horas** de faltas sen xustificar a varias asignaturas recibirá como sanción un apercibimento. O terceiro apercibimento pode supor a perda de escolaridade.
- **A consideración de faltas de asistencia como xustificadas** ou non **competen** exclusivamente **ao titor/a**, independentemente da xustificación documental ou familiar que teña aportado o alumno.
 - As faltas debidas á mobilizacións ou folgas dos alumnos considéranse faltas sen xustificar.
 - Para as faltas de asistencia reiteradas e non xustificadas no número exposto arriba aplicarase o seguinte:
 - No 1º apercibimento os pais presentarase ante o titor.
 - No 2º apercibimento os pais e o alumno presentarase ante a directora.
 - O 3º supón a perda de escolaridade.
- De ter tres apercibimentos nun curso escolar os alumnos de bacharelato perden o dereito á avaliación continua; na ESO informarase a Servizos Sociais.

Amoestacións:

É **imprescindible ter un comportamento correcto**. As correccións que se teñan que aplicar polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador. Os docentes poderán corrixir as condutas contrarias ás normas de convivencia mediante: amoestacións privadas ou por escrito, comparecencia inmediata ante a Xefatura de Estudos, realizacións de tarefas específicas, suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro, suspensión do dereito de asistencia ao centro por un espazo de tempo a determinar...

Aqueles alumnos que impidan o normal desenvolvemento da clase, serán enviados á Aula de Atención Educativa e Convivencia e os pais serán informados.

Actividades complementarias:

Son actividades programadas dentro do horario lectivo que tratan de enriquecer a formación escolar con propostas que saen do marco das aulas. Unhas son ofertadas polo Servizo Municipal de Educación, tales como visitas a museos e outros lugares de interese, concertos e proxeccións. Outras son promovidas polos departamentos didácticos do centro de acordo cos contidos curriculares. **Estas actividades**, xa que axudan e complementan a formación do alumnado **son de asistencia obrigatoria**. En todas estas actividades, os alumnos van acompañados dun profesor responsable. Vostedes serán informados oportunamente da actividade concreta proposta para o seu fillo/a. Pero gustaríanos, a efectos de programación, contar xa coa súa **autorización** de modo **xeral** para tódalas actividades que poidan organizarse ó longo do curso. Igualmente pídesese autorización para publicar posibles fotos de actividades nas que poida aparecer a imaxe do seu fillo na Web do Centro ou no ámbito do recinto escolar.

Departamento de Orientación:

No centro existe un departamento de orientación dirixido pola profesora Carolina Barral Lázaro que ten como funcións, entre outras, orientar ao alumnado no proceso de aprendizaxe, especialmente ao alumnado que presenta dificultades na adquisición de coñecementos e problemas académicos, así como asesoramento na elección do seu futuro académico e profesional.

Igualmente **lembramos a importancia do hábito de estudo**. É imprescindible que tódolos días se realicen tarefas e se estudien os contidos impartidos durante as horas de clase. É o único camiño para un bo rendemento académico. Aconséllase tamén, de ser posible, sempre o mesmo lugar de estudo e un horario máis ou menos fixo de traballo (axuda á concentración).

Agradezo a súa colaboración.

A directora

Carmen Tembrás Alonso